

**XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA**

Rúa Vicente Ferrer, 2

15008 A Coruña

**Asunto: Alegacións complementarias ao ACORDO do 19 de agosto de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020, ACCESO Á DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO PROXECTO E SOLICITUDE DE ANULACIÓN DO PROCEDEMENTO EN TANTO QUE NON SE ESTÁ A PERMITIR O ACCESO Á INFORMACIÓN AMBIENTAL DO PROXECTO.**

Don/Doña \_\_\_\_\_ con DNI. Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.


**EXPÓN:**

No DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020 publícase o ACORDO do 19 de agosto de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14).

No texto deste acordo indícase literalmente que:

*A documentación estará á disposición dos interesados nas dependencias da Sección de Enerxía desta Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria (rúa Vicente Ferrer, nº 2, 2º andar, 15071 A Coruña, das 9.00 as 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico [seccion.enerxia.coruna@xunta.es](mailto:seccion.enerxia.coruna@xunta.es) ou nos teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 23), así como nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (A Coruña). Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Emprego e Industria [https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion?content=expediente\\_0008.html](https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion?content=expediente_0008.html)*

Sin embargo, cando se intenta acceder a este enlace web, non se pode acceder á documentación ambiental do proxecto, aparecendo a mensaxe de “Arquivo non atopado!”, pese a ser un proxecto que aínda está en tramitación.




O mesmo sucede cando intentamos o acceso á documentación ambiental do proxecto desde a páxina de Transparencia da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no enlace:

[https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion?content=expediente\\_0008.html](https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion?content=expediente_0008.html)

Ao picar no Estudo Impacto Ambiental (EIA) (abril 2018) tamén aparece a mesma mensaxe de “Arquivo non atopado!”.

O mesmo sucede cando se intenta acceder á 2ª Addenda Estudo Impacto Ambiental (febreiro 2020).



Aparece a mesma mensaxe de “Arquivo non atopado!”.



Polo tanto, e dado que trátase dun procedemento que está en tramitación e necesitando consultar esta parte a documentación ambiental do mesmo, rogamos procedan á habilitación do mesmo para así acceder á mesma.

En virtude do anterior,

#### **SOLICITA:**

- 1.- Acceso á información ambiental do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020, xa que logo como se indica na parte expositiva deste escrito, e pese a ser un procedemento en tramitación, non se pode acceder á documentación ambiental do mesmo.
- 2.- Habiliten de novo o enlace web publicado no seu día no DOG e que permitía acceder á documentación ambiental do proxecto referenciado ou ben permitan este acceso desde a páxina de Transparencia da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- 3.- Lembren que ao abeiro do Convenio de Aarhus e a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE) deberan permitir o acceso á información ambiental dos proxectos que están en tramitación.
- 4.- Anulen a tramitación do expediente IN408A 2018/14 en tanto en canto non permiten o acceso á información ambiental do mesmo e están a xerar indefensión á cidadanía e ao público en xeral.

Ordes, 22 de xullo de 2022

Asdo.- \_\_\_\_\_